

# Bases do certame de Cartas de Amor

## REDACCIÓN

- ✓ As cartas deben estar redactadas, por suposto, en galego.
- ✓ En ningún caso debe aparecer o nome real do/da destinatario/a. Tan só pode aparecer, se cadra, un pseudónimo ou nome ficticio da persoa á que se dirixe..
- ✓ Pode ser redactada en prosa ou verso e con unha extensión máxima dun DIN A-4.
- ✓ O acompañamento gráfico é opcional e nunca imprescindible.
- ✓ Aquelas cartas nas que o vocabulario, expresións ou acompañamento gráfico non garden un mínimo de dignidade e decoro serán rexeitadas en primeira instancia.
- ✓ De ser posible, é preferible que sexan entregadas en letra mecanografada, ben en máquina de escribir ben impresa tras ser editada nun procesador de textos.
- ✓ O deseño do soporte –papel en todo caso- en canto a color, forma, etc. quedan a criterio do/da remitente.

## PRESENTACIÓN

- ✓ A carta debe ser entregada nun sobre, dos habituais ou de deseño propio. No exterior do mesmo deben constar os seguintes datos: un **pseudónimo** do/da remitente – nunca o nome real-, e o **curso** no que está inscrito. É importante non esquecerse incluír estes datos á fin de encadralo na sección correspondente do certame
- ✓ No interior do sobre débese gardar, ademais do texto da carta, un sobre máis pequeno –**mellor do tipo tarxeta**- cos mesmos datos, no exterior, que os xa citados para o sobre grande. No interior dese sobre pequeno, débese incluír unha tarxeta co nome real do/da remitente. Debe de estar ben cerrado antes de ser incluído no sobre grande. Admítense as mesmas liberdades, en canto a deseño, que no máis grande.

## PRAZO

- ✓ As cartas deberán ser entregadas a algún dos profesores de galego de secundaria antes do vindeiro **día 16** de febreiro.

## XURADO

- ❖ Crearase un xurado, ou dous, para seleccionar ós gañadores.
- ❖ A súa **resolución** farase pública ao longo da **xornada de Portas Abertas**, en data aínda por determinar. En todo caso resérvase a posibilidade de declarar desertos os premios do concurso. A resolución do xurado será inapelable

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

- ❖ A organización resérvase o dereito a facer público o contido das cartas gañadoras mediante unha ou varias das seguintes opcións, a saber: exposición nun taboleiro do colexio ou espazo público do mesmo; lectura nos actos da festividade das Letras Galegas; inclusión en algunha das publicacións do centro: revista, blog ...
- ❖ A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases máis arriba expostas.



**¡Animádevos e participade!**  
*¡Que a candeloría vos axude e vos ilumine!*



## Bases do certame de Cartas de Amor

Coa finalidade de motivar a participación dos diversos colectivos admitidos para concursar, amplíase o abano de posibilidades temáticas admitidas baixo o epígrafe de “cartas de amor”. A modo de exemplo e suxestión, véxanse as que se citan de seguido:

- Amor real a persoa real ou ficticia. Das persoas coñecidas non se dá o nome verdadeiro.  
Ex: un compañeiro/a veciño/veciña ...
- Amor platónico a persoa real ou ficticea.
- Amor ficticio a persoa real .  
Ex: Mario Casas, Jennifer Lawrence, ...
- Amor ficticio a persoa ficticia.
- Amor místico.
- Amor fraternal: a papá, mamá, avó , .....
- Amor tomado con sentido do humor. A un personaxe de cine ou literario, un obxecto  
Ex. (manequín, radiador, ...) etc.
- ...

Valorarase especialmente a utilización de todo tipo de formulismos e tratamentos das clásicas cartas de amor.

O ENL ten unha gran confianza en todos vós, e a esperanza de que vos animedes a participar e academos un gran éxito de participación nesta nova convocatoria..

Ánimo! E que a candeloria a todos vos ilumine,  
para acadar a máis bela expresión dos vosos  
sentimentos.



# Bases do certame de Cartas de Amor


## Instrucións

1º Paso: *Escribir a carta.*

2º Paso: *Introducir a tarxeta cos datos no sobre pequeno e cerralo.*



3º Paso: *Introducir o sobre pequeno - cos datos- e a carta no sobre grande*



4º Paso: *Escribir no exterior do sobre grande os mesmos datos do sobre pequeno e cerralo*